



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 4 de setembro de 2014  
**Hora de comezo:** 13.45 h  
**Hora de remate:** 14.30 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo a Alcaldesa accidental, dona Raquel García Fraga, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria - Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación e pagamento facturas transporte alimentos**
- 3. Baixa definitiva axuda no fogar por libre concorrencia**
- 4. Finalización do contrato de prevención de dependencia**
- 5. Aprobación facturas**
- 6. Licenzas urbanísticas**
- 7. Aprobación e aboamento de factura con cargo á subvención da Deputación Provincial da Coruña**
- 8. Aprobación e aboamento de factura polo concepto de “Trofeos” do II concurso cabalar de Boqueixón 2014**
- 9. Xustificación subvención “Promoción e Difusión da Festa da Filloa”**
- 10. Xustificación do “Acondicionamento do roteiro dos pescadores de Ledesma – Sucira – Donas”. Rede Natura**
- 11. Solicitude axuda económica para actividades 2014-2015, Rede Natura 2000**
- 12. Aprobación conta de explotación dos servizos de abastecemento e saneamento correspondente o ano 2013**
- 13. Concesión de licenza administrativa de tenza de animais potencialmente perigosos**

**14. Aprobación das bases e prezos das actividades incluídas na Xanela de outono 2014**

**15. Devolución pagamento actividades verán 2014**

**16. Rogos e Preguntas**

**DELIBERACIÓNS**

**1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de agosto de 2014.

**2.Aprobación e pagamento facturas transporte alimentos**

O día 13 de agosto de 2014, cos números 14/1510 e 14/1511, tiveron entrada no rexistro deste Concello as facturas correspondentes ó gasto ocasionado polo servizo de taxi para recollida de alimentos procedentes da “Cruz Roja”. Os quilómetros percorridos entre as distintas parroquias do concello ata Camporrapado foron realizados por Xosé M. xxxxx (taxi nº 2 de Boqueixón) e Jesús xxxxx (taxi nº 6 de Boqueixón).

Este gasto ocasionado polo servizo de taxi, farase con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña, que recibe o departamento de Servizos Sociais para este concepto.

*Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:*

1. Aprobar a factura núm. 04/14, con rexistro de entrada núm. 14/1510, a nome de Xosé M. xxxxx, co DNI xxxxx (taxi nº 2 ), polo concepto de servizo de taxi para recollida de alimentos procedentes da “Cruz Roja”, o 06/08/2014. Os quilómetros percorridos entre as parroquias de Lestedo, Gándara, Sergude, Gastrar, Loureda, Vigo e Codeso ata Camporrapado, ocasionaron un gasto, **por importe de 112,75€.**
2. Aprobar a factura núm. 45/14, con rexistro de entrada núm. 14/1511 a nome de Jesús xxxxx, co DNI xxxxx (taxi nº 6), polo concepto de servizo de taxi para recollida de alimentos, procedentes da “Cruz Roja” o 06/08/2014. Os quilómetros percorridos entre as parroquias de Oural, Boqueixón, Codeso e Ponteledesma ata Camporrapado, ocasionaron un gasto **por importe de 50 €.**
3. Aprobar o pagamento das mencionadas facturas, o cal farase con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación Provincial da Coruña.
4. Dar traslado deste acordo a Intervención para o seu coñecemento e efectos.

**3.Baixa definitiva axuda no fogar por libre concorrancia**

Visto o Informe da Traballadora Social, no que propón a baixa definitiva no Servizo de Axuda no fogar por libre concorrancia, a nome de Carmen xxxxx, por rematar o prazo establecido na ordenanza que regula o servizo de axuda no fogar para a suspensión temporal do mesmo (tres meses).

A usuaria, que foi dada de alta no SAF en Boqueixón, na Xunta de Goberno de data 22/10/2003, por mor da enfermidade que padece, trasladouse de forma provisional, á vivenda dunha irmá, no Concello de Touro.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.-A baixa definitiva do servizo axuda no fogar por libre concorrencia a nome de dona Carmen xxxxx, co DNI xxxxx, veciña do lugar de Forte, núm. 29 parroquia de Boqueixón, por vencemento do prazo máximo establecido de suspensión temporal (3 meses), e a usuaria seguir na vivenda dunha irmá no Concello de Touro.

2.-Notificar este acordo á interesada.

#### **4.Finalización do contrato de prevención de dependencia**

Por resolución da alcaldía ditada o día 30 de setembro de 2011, adxudicouse o contrato para a realización do programa de dependencia á empresa FISS Coruña cunha duración de 1 ano prorrogable ata un máximo de 4.

Desde o Departamento de Servizos Sociais a Educadora Familiar realiza un informe no que se dí que o programa que se realiza ó amparo deste contrato, non será financiado pola Deputación da Coruña no período que abarca desde o mes de outubro ata decembro.

Por outra parte, no contrato asinado con data 7 de outubro de 2011, coa empresa adxudicataria, establécese na cláusula segunda que o gasto queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Tamén se advirte no informe da Educadora Familiar que, no caso de que se publiquen novas bases de subvencións para o ano 2015, realizarase unha nova petición de axuda para a realización do mesmo programa.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Comunicar á empresa FISS Coruña a finalización do contrato asinado para a realización do programa de prevención da dependencia.

Comunicar ó Departamento de Servizos Sociais este acordo

Proceder coa devolución da fianza depositada no seu momento para a adxudicación do contrato por un importe de 215,71 euros.

#### **5.Aprobación facturas**

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 20.679,91 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

Núm	Proveedor	Texto Explicativo	Prog.	Econ.	Importe
1	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo eléctrico depuradora de Orto mes de maio	161	221100	6.139,83 €
2	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo eléctrico ximnasio meses de maio e xuño	150	22100	374,66 €
				<b>TOTAL</b>	<b>6.514,49 €</b>

Por unanimidade acórdase aprobar o seguintes listados de facturas de Gas Natural S.U.R SDG, S.A e Gas Natural Servicios SDG, S.A, por un importe total de 14.164,61 euros, con cargo ao Programa 150 Económica 22100, que a continuación se detallan:

Entrada núm. 14-1555 - Gas Natural Servicios SDG, S.A

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar Suministro</i>	<i>Dat. Emisión</i>	<i>Data Facturación</i>
FE14321150808252	ES0022000004357733TW1P	531,52	Camp.da Festa, 0164 Vilar - Lestedo	02/07/2014	01/05/14 a 30/06/14
FE14321150996329	ES0022000007164015CP1P	999,69	Concello/Xulgado do Forte, 9027.	04/07/2014	01/05/14 a 30/06/14
FE14321150894963	ES0022000007831162TV1P	413,48	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	03/07/2014	31/05/14 a 27/06/14
FE14321150894964	ES0022000007164583ER1P	779,54	Colexo do Forte, 9031. Forte	03/07/2014	31/05/14 a 27/06/14
FE14321150894960	ES0022000004975487VE1P	52,49	Alum.Púb.Vilar, 0097 004 - Lestedo.	03/07/2014	31/05/14 a 27/06/14
FE14321150894961	ES0022000007586591QM1P	263,28	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	03/07/2014	31/05/14 a 27/06/14
FE14321150808253	ES0022000007575350XB1P	175,75	Cent. de Saúde, 9164 Vilar - Lestedo	02/07/2014	01/05/14 a 30/06/14
FE14321150808254	ES0022000007031520DQ1P	360,85	Lg. Cachosenande, 9604 Polidep.	02/07/2014	01/05/14 a 30/06/14
FE14321150894965	ES0022000008842233FP1P	212,95	Campo de Fútbol, - Forte 9050	03/07/2014	31/05/14 a 27/06/14
	<b>Total</b>	3.789,55			

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar Suministro</i>	<i>Dat. Emisión</i>	<i>Data Facturación</i>
FE14321150996324	ES0111000009031051HA1P	1.436,78	Bombeo de Donas	04.07.2014	02/01/14 a 01/02/14
FE14321150996325	ES0111000009031051HA1P	1.306,59	Bombeo de Donas	04.07.2014	02/02/14 a 01/03/14
FE14321150996326	ES0111000009031051HA1P	1.487,53	Bombeo de Donas	04/07/2014	02/03/14 a 01/04/14
FE14321150996327	ES0111000009031051HA1P	1.434,18	Bombeo de Donas	04.07.2014	02/04/14 a 01/05/14
FE14321150996328	ES0111000009031051HA1P	1492,39	Bombeo de Donas	04/07/2014	02/05/14 a 01/06/14
FE14321151822251	ES0111000009031051HA1P	1420,62	Bombeo de Donas	16/07/2014	02/06/14 a 01/07/14
	<b>Total</b>	8.578,09			

Entrada núm. 14-1554 - Gas Natural S.U.R SDG, S.A

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
F01140611476174	ES0022000007986447JY1P	108,71	Lg. Cachosenande, 9910.	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14

F01140611476995	ES0022000004357716EP1P	4,18	Lg. Vilar, 0001	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611477408	ES0022000004357629HJ1P	23,04	Lg. Ardaris, 0010IG	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611499726	ES0022000004357736TM1P	11,48	Lg. Vilar, 0154ER	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140710002597	ES0022000007164780FZ1P	308,97	Lg. Forte, 9033 Ctsalud	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710045470	ES0022000007854283VT1P	103,95	Lg. Lamas, 9004 LOCALS	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710069140	ES0022000007274911BK1P	64,94	Lg. Igrexa (A), 9999 PALCO	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710072223	ES0022000004312931FG1P	-93,97	Lg. Lamas, 8004CC	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710076452	ES0022000008096879FS1P	32,02	Lg. Gastrar, 8010, AREA	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710086310	ES0022000007274859DS1P	38,66	Lg. Santabaia, 9999 LOSOCI	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710087868	ES0022000004313109ZK1P	18,53	Lg. Igrexa (A), 9002 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710091517	ES0022000008386073TF1P	-59,11	Lg. Forte, 0011DU, PCIVIL	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710096902	ES0022000007320578LX1P	103,28	Lg. Forte, 9000 POLIDE	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140560016450	ES0022000008920544PG1P	-108,28	Bombeo de Orto 9010	29/07/2014	Devolución Varias
F01140611476378	ES0022000007249776TW1P	45,69	Lg. Vilar, 9926 A.Público	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611490351	ES0022000007372764BD1P	67,21	Lg. Ardilleiro Pequeno,9921 A.Púb.	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611491364	ES0022000007559623QQ1P	70,31	Lg. Vilar, 9705 A.Público	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611492119	ES0022000007320554HD1P	27,04	Lg. Ardaris, 9000 A.Público	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611494276	ES0022000007249771EC1P	55,56	Lg. Picota, 9925 A.Público	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611497057	ES0022000007249674HS1P	11,72	Lg. Orto, 9916 A.Público -	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611498070	ES0022000008622407VQ1P	82,17	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611500089	ES0022000007372754XE1P	24,04	Lg. Ardilleiro Grande, 9920 - A.Púb.	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611512768	ES0022000007249693LB1P	15,29	Lg. Ardilleiro Grande, 9919 - A.Púb.	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611518265	ES0022000007249760ED1P	14,00	Lg. Reboredo, 9923 A. Púb.	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611518806	ES0022000007320556HB1P	53,14	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611521304	ES0022000007021265TL1P	33,95	Lg. Cachosenande, 9699 A.Púb.	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611530865	ES0022000008942577TA1P	74,09	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611534421	ES0022000007455154MJ1P	68,48	Lg. Milleirós, 5100 ALPUB3	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611535709	ES0022000007561259HL1P	13,57	Lg. Picota, 0925 A.Público	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611539065	ES0022000007661745VH1P	22,14	Lg. Gándara, 9701 A.Púb.	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611540979	ES0022000007021148HV1P	62,81	Lg. Lestedo, 9707 A.Público1	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611541754	ES0022000007021266TC1P	38,10	Lg. Troitomil, 9698 A.Público	02/07/2014	30/04/14 a 30/06/14
F01140611543466	ES0022000007561243HA1P	-23,87	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140611544018	ES0022000007253334QH1P	-0,43	Lg. Igrexa (A), 9000 A.Público	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14

F01140611544798	ES0022000007021268TE1P	-126,98	Lg. Gándara, 9700 A.Público	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140611544916	ES0022000004975490HW1P	2,06	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140611544973	ES0022000007320580LN1P	-72,64	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140611545242	ES0022000007566337DZ1P	-32,29	Lg. Casal, 9109 - A.Público	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140611546502	ES0022000007021143HN1P	-61,90	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140611546748	ES0022000007164018CB1P	-81,70	Lg. Forte, 9030 A.Público	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140611546763	ES0022000007455157MQ1P	-24,12	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140611546982	ES0022000007251856KN1P	-30,70	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	03/07/2014	01/06/14 a 27/06/14
F01140710006423	ES0022000007021144HJ1P	62,17	Lg. Rodiño Pequeño, 9709 A.Púb.	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710008078	ES0022000007249640VG1P	20,08	Lg. Quián, 9911 A.Público1	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710010367	ES0022000007320551HY1P	-22,10	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	04/07/2014	01/05/14 a 01/07/14
F01140710010745	ES0022000007163985LR1P	20,01	Lg. Forte, 8007 - Boqueixón	04/07/2014	01/05/14 a 01/07/14
F01140710011880	ES0022000007661757HF1P	43,45	Lg. Forte, 9080 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710015170	ES0022000007776341DM1P	30,48	Lg. Moa, 9002 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710017155	ES0022000007249650VZ1P	6,67	Lg. Melón, 9913 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710018587	ES0022000007107339VG1P	31,84	Lg. Noenlle, 9794 A. Público2	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710019808	ES0022000007253151PL1P	50,74	Lg. Deseiro de Arriba, 9000 A.Púb.	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710022595	ES0022000007376881YD1P	44,64	Lg. Moa, 9001 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710031726	ES0022000007019824FG1P	9,79	Lg. Igrexa (A), 0001 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710033240	ES0022000007249794TC1P	0,61	Lg. Igrexa (A), 9927 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710039002	ES0022000007021147HQ1P	123,63	Lg. Pumares, 9707 A.Público2	04/07/2014	01/05/14 a 01/07/14
F01140710039464	ES0022000008178372PL1P	27,99	Lg. Deseiro de Arriba,9600 A. Púb.	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710041006	ES0022000007107338VA1P	29,49	Lg. Noenlle, 9795 A. Público1	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710045209	ES0022000007249751ET1P	6,28	Lg. Gastrar, 9921 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710046882	ES0022000008178424BW1P	29,56	Lg. Pumares, 9010 A.Púb.	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710056208	ES0022000007021264TH1P	94,64	Lg. Mareque, 9701 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710059553	ES0022000007251849KM1P	3,73	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Púb.	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710064827	ES0022000007251852KP1P	30,99	Lg. Loureda, 8889 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710072202	ES0022000007249688LY1P	14,21	Lg. Outeiro, 9918 ALPU01	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710073651	ES0022000007249757EY1P	16,78	Lg. Agra, 9922 A. Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710076396	ES0022000007107337VW1P	35,48	Lg. Vilar, 9795 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710081634	ES0022000007373071RV1P	22,56	Lg. Caneda, 9995 A.Público.	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710086412	ES0022000008177365BR1P	25,77	Lg. Deseiro de Arriba,9130 A.Púb.	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14

F01140710090227	ES0022000007320546HR1P	53,39	Lg. Lamas, 9001 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710092543	ES0022000007249678HL1P	6,56	Lg. Agra, 9917 A. Público2	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710096623	ES0022000007019754GA1P	9,48	Lg. Gastrar, 9317 A.Público	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710097571	ES0022000007019787MJ1P	95,80	Lg. Casalpeguito, 9318 A.Púb.	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710099263	ES0022000007249642VY1P	13,58	Lg. Quián, 9912 A.Público2	04/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710104709	ES0022000007249633QC1P	-231,63	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	07/07/2014	22/05/14 a 01/07/14
F01140710210724	ES0022000007320548HA1P	66,84	Lg. Lamas, 6002 A.Público	07/07/2014	30/04/14 a 01/07/14
F01140710263632	ES0022000008622400VD1P	146,72	Lg. Rodiño Pequeno, 9700 A.Púb.	07/07/2014	01/05/14 a 01/07/14
F01140460017955	ES0022000009030777QK0P	-6,40	Lg. Deseiro de Arriba, 8037 A.Púb.	29/07/2014	Devolución Varias
	<b>Total</b>	1.796,97			

## 6.Licenzas urbanísticas

### A) Concesión de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar de Costiña, na parroquia de Lamas

#### Antecedentes:

Con data do 16/06/2010 (registro de entrada núm. 2010/1511), por Luís xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase un proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto D. Manuel A. Echeverría Ulargui, colexiado nº: 461, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, situada no lugar de xxxxx, na parroquia de Lamas, e emprazada urbanísticamente en Solo non urbanizable de Núcleo Rural.

Con data do 28/06/2010, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese un **informe técnico desfavorable**, en base a que con data do 19 de abril de 2010, en sesión do Pleno Extraordinario, acordouse aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Así mesmo, aprobouse a suspensión de licenzas, polo que non resulta posible tramitar a solicitude de construción de vivenda unifamiliar illada, no solo de núcleo rural proposto na solicitude presentada.

Con data do 15/07/2010 (registro de saída 10/744, de data 16/07/2010), por parte da Alcaldía, comunícaselle ao promotor o contido de dito informe técnico, do que se lle remite copia para o seu coñecemento.

Con data do 11/02/2011 (con registro de entrada nº: 11/423), na alcaldía deste concello, recíbese a remisión dun expediente de reposición da legalidade urbanística (**Expte.: 107K-2010-246**), polas obras consistentes na construción dunha vivenda unifamiliar, a nome de D. Luís xxxxx, no que se especifica que as obras levadas a cabo polo promotor, emprázanse en solo non urbanizable de núcleo rural, polo que corresponde á alcaldía deste concello, levar a cabo as oportunas medidas para a reposición da legalidade urbanística.

Con data do 08/07/2011 (con registro de saída nº 11/702, de data do 13/07/2011), pola Alcaldía do Concello de Boqueixón, comunícaselle a D. Luís xxxxx, que en base aos artigos 209 e 214.2, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ACORDASE ordenar a SUSPENSIÓN DAS OBRAS, que se están a realizar, consistentes na construción dunha vivenda unifamiliar, no

lugar da xxxxx, na parroquia de Lamas, emprazadas na parcela catastral nº 15012A503004830000WJ, e facerse efectiva dende o día seguinte ao recibo desta notificación, ata o levantamento da suspensión de licenzas de obras, **para que a solicite de novo con arranxo á legalidade urbanística.**

Con data do 08/02/2013, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **informe técnico**, no que se sinala que xa rematou o prazo máximo de 2 anos para a suspensión da licenzas de obras, que establece o artigo 77.3 da redacción vixente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUPMRG), e dado que o PXOM segue en proceso de tramitación, a normativa urbanística municipal vixente, seguen sendo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NNSS), aprobadas definitivamente o 15 de maio de 1996, e que se encontran afectadas pola entrada en vigor da LOUPMRG. En consecuencia, co obxecto de legalizar a edificación residencial unifamiliar illada, promovida por D. Luís xxxxx, **deberase solicitar unha nova licenza municipal de obras**, achegando o proxecto técnico, realizado por un técnico competente, que xustifique o cumprimento da normativa urbanística, de edificación e sectorial, que sexa de aplicación.

Con data do 12/02/2013 (con rexistro de saída nº 13/0133), pola Alcaldía do Concello de Boqueixón, ponse en coñecemento de D. Luís xxxxx, o contido do informe técnico de data do 08/02/2013, para que presente un novo proxecto técnico (básico ou básico e de execución), asinado por un técnico competente, e visado polo colexio profesional correspondente, e que xustifique o cumprimento de toda a normativa urbanística vixente que sexa de aplicación.

Con data do 20/05/2013 (rexistro de entrada nº. 2013/980), por D. Luís xxxxx, con DNI número xxxxx, preséntase unha nova solicitude de licenza municipal, en base ao proxecto técnico xa presentado con data do 16/06/2010, para a construción dunha vivenda unifamiliar, situada no lugar de xxxxx, na parroquia de Lamas, e emprazada urbanisticamente en Solo de Núcleo Rural, en base ao requirimento de data do 12/02/2013, con rexistro de saída nº 13/133.

Con data do 30/07/2013, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **informe técnico favorable condicional**, no que se require unha serie de modificacións técnicas, que se deberán corrixir no proxecto técnico existente.

Con data do 20/08/2013 (con rexistro de saída nº 13/795), pola Alcaldía do Concello de Boqueixón, ponse en coñecemento de D. Luís xxxxx, o contido do informe técnico de data do 30/07/2013, para que se presenten as correccións técnicas sinaladas.

Con data do 28/03/2014 (con rexistro de entrada nº 14/548), por D. Luís xxxxx, con DNI número xxxxx, preséntase unha nova documentación técnica, para a subsanación de deficiencias, en base ao informe técnico municipal, de data do 30/07/2013.

Con data do 22/04/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un novo **informe técnico favorable condicional**, no que se requiren unha serie de modificacións técnicas, que non foron corrixidas na nova documentación presentada.

Con data do 02/05/2014 (con rexistro de saída nº 14/421, de data do 05/05/2014), pola Alcaldía do Concello de Boqueixón, ponse en coñecemento de D. Luís xxxxx, o contido do novo informe técnico de data do 22/04/2014, para que se presenten as correccións técnicas sinaladas.



Con data do 05/06/2014 (con rexistro de entrada nº 14/1048, de data do 06/06/2014), por D. Luís xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase unha nova documentación técnica, para a subsanación de deficiencias, en base ao informe técnico municipal, de data do 22/04/2014.

Con data do 02/07/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un novo **informe técnico favorable condicional**, no que se requiren unha serie de modificacións técnicas, que non foron corrixidas na documentación presentada con rexistro de entrada nº 14/1048.

Con data do 03/07/2014, a través do correo electrónico do dpto. de urbanismo, ponse en coñecemento do técnico redactor do proxecto, o contido do novo informe técnico de data do 02/07/2014, para que se presenten as correccións técnicas sinaladas.

Con data do 03/07/2014 (con rexistro de entrada nº 14/1284, de data do 08/07/2014), por D. Luís xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase debidamente asinado, o documento de cesión, e unha copia da escritura de propiedade da parcela, sobre a que se empraza a vivenda.

Con data do 09/07/2014 (con rexistro de entrada nº 14/1301), por D. Luís xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase unha nova documentación técnica, para a subsanación de deficiencias, en base ao informe técnico municipal, de data do 02/07/2014.

Con data do 10/07/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable** ao expediente de referencia.

Con data do 01/09/2014, o departamento de urbanismo informa o seguinte: desde a entrada en vigor das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NNSS), non foron concedidas licenzas municipais para a construción de vivendas unifamiliares no Núcleo Rural da Costiña, na parroquia de Lamas, polo que actualmente **resultan autorizables as 6 vivendas** que están previstas nas NNSS vixentes.

Con data do 01/09/2014, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente o ingreso da taxa, realizada aos efectos con data do 18/06/2010, e que corresponde aboar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 263,63 €; e o Oficio de Dirección de Obra, do arquitecto D. Manuel A. Echeverría Ulargui, colexiado número 461, polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. Luís xxxxx, con DNI nº. xxxxx, a licenza municipal de obras, para a “*construción dunha vivenda unifamiliar illada*”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Lamas, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Núm. do expediente Inicial: 2010/1511
02. Núm. do expediente Final: 2013/0980
03. Promotor da licenza: LUÍS xxxxx
04. DNI do promotor: xxxxx
05. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANZABLE DE NÚCLEO RURAL
06. Tipo de Obras: CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA
07. Situación e emprazamento: xxxxx – LAMAS
08. Taxa pola solicitude da licenza: 266,63 €

09. Orzamento de execución material das obras: 137.000 €
10. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 3.425 €
11. Técnico autor do proxecto: MANUEL A. ECHEVERRÍA ULARGUI. Arquitecto
12. Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: SEIS MESES
  - Para terminar as obras: TRES ANOS

b.-) Condicións especiais:

13. Deberá presentar o Oficio de Dirección de Execución das Obras, e o Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde.
14. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas, e seguros correspondentes.
15. Deberá instalarse o cartel de obra na parcela cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **3.425,00 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N°: xxxxx - ABANCA (Lestedo - Boqueixón).

**B) Concesión de licenza municipal de obras, para a substitución de cuberta e construción de soportal nunha edificación existente, no lugar da Pena, na parroquia de Loureda**

Antecedentes:

Con data do 16/04/2014 (registro de entrada núm. 14/693), por D. José xxxxx, con DNI nº xxxxx, preséntase un proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto D. Carlos Landeira Caamaño, para a substitución de cuberta nunha vivenda unifamiliar existente, situada no lugar da Pena, na parroquia de Loureda, e emprazada urbanísticamente en Solo non urbanizable de núcleo rural.

Con data do 07/05/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese un **informe técnico, favorable condicional**, que obriga ao promotor a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 9/05/2014 (registro de saída 14/442, de data 12/05/2014), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, que debe presentar a documentación correspondente, que se sinala no informe técnico de data do 07/05/2014.

Con data do 18/06/2014, (registro de entrada núm. 14/1151, de data 19/06/2014), por D. José xxxxx, preséntase un novo proxecto técnico, básico e de execución visado, para a substitución dunha cuberta, e construción dun porche nunha edificación existente, asinado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño, colexiado nº 2877, en base á documentación requirida no informe técnico de data do 07/05/2014, para a substitución da cuberta inicial.

Con data do 26/06/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese un novo informe técnico, **favorable condicional**,

condicionado á introdución de máis modificacións técnicas, dándolle traslado dunha copia do mesmo ó interesado con data 04/07/2014, e rexistro de saída nº 14/628.

Con data do 16/07/2014 (rexistro de entrada núm. 14/1346), polo arquitecto, D. Carlos Landeira Caamaño, xúntase unha nova documentación técnica, en base ao requirido no informe técnico municipal, de data do 26/06/2014.

Con data do 12/08/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 1/09/2014, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 € (ingresada aos efectos con data do 16/04/2014), así como a cesión municipal obrigatoria, asinada polo promotor, en aplicación do artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia; polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. José xxxxx, a licenza municipal de obras, para a “substitución de cuberta e construción de soportal nunha edificación existente”, sita no lugar da Pena, na parroquia de Loureda, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Núm. do expediente: 14/693
2. Promotor da licenza: JOSÉ xxxxx
3. DNI do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL
5. Tipo de Obras: SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E CONSTRUCIÓN DE SOPORTAL NUNHA EDIFICACIÓN EXISTENTE
6. Situación e emprazamento: A PENA (Pol. 502, parc. 5001) – LOUREDA
7. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
8. Orzamento de execución material das obras: 8.000,00 €
9. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 200,00 €
10. Técnico autor do proxecto: CARLOS LANDEIRA CAAMAÑO. Arquitecto
11. Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: SEIS MESES
  - Para terminar as obras: TRES ANOS

b.-) Condicións especiais:

12. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas e seguros correspondentes.
13. Deberanse cumprir tódalas condicións impostas no proxecto técnico visado e toda a documentación complementaria presentada, que serve de base para a concesión desta licenza.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **200,00 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

### Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - ABANCA (Lestedo - Boqueixón).

### **7.Aprobación e aboamento de factura con cargo á subvención da Deputación Provincial da Coruña**

Con data do 5 de decembro de 2013 adoptouse en Xunta de Goberno o acordo de solicitude de axuda económica para executar o proxecto Saneamento en Codeso (Lugar de Gafo), a través da convocatoria da Deputación da Coruña dirixido ós concello e outras entidade locais para investimento de promoción económica durante o ano 2014, publicada no BOP de A Coruña núm, 217 do xoves, 14 de novembro de 2014.

A Deputación Provincial da Coruña resolveu aprobar a subvención cun importe 9.294,38 €; expediente 2013049641.

Con data do 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2014 o concello contratou a 2 traballadores para a realización da obra.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1.Aprobar, aboar e imputar a factura que se relaciona á subvención:

Rexistro entrada	Razón social	CIF	Núm. factura	Data emisión	Concepto	Importe
14/1603	Redondo	xxxxx	10038	28/08/14	Gastos de materiais	1.385,83 €

2. Dar traslado deste acordo ó departamento de Tesourería- Intervención ós efectos oportunos.

### **8.Aprobación e aboamento de factura polo concepto de “Trofeos” do II concurso cabalar de Boqueixón 2014**

O 10 de agosto celebrouse o II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2014, que foi aprobado por Xunta de Goberno con data do 24 de abril de 2014.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aboar e imputar a factura que se relaciona á actividade II concurso Cabalar de Boqueixón 2014:

Rexistro entrada	Razón social	CIF	Num. factura	Data emisión	Concepto	Importe
14/1557	Comercial Soneira	xxxxx	16	19/08/14	Trofeos	285

2. Dar traslado deste acordo ó departamento de Tesourería- Intervención ós efectos oportunos.

### 9.Xustificación subvención “Promoción e Difusión da Festa da Filloa”

Con data 19 de maio de 2014 publicouse no DOG nº 94 a Resolución do 28 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

Mediante Decreto de alcaldía de data 6 de xuño de 2014, acordouse solicitar unha subvención para o “Promoción e difusión da XXXI Festa da Filloa de Lestedo 2014”.

Con data de 15 de xullo de 2014 (registro de entrada nº 14/1340) recíbese a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia de data 11 de xuño de 2014, concedendo unha subvención de 2.558 € para a “Promoción e difusión da XXXI Festa da Filloa de Lestedo 2014” Nº Exp.: TU 500A2014/32- 1.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Que se cumpríu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.

2.- Aprobar a conta xustificativa da subvención na que se fai constar os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

CONCEPTO	ACREEDOR	Nº FACTURA	IMPORTE	DATA EMISIÓN	DATA RECOÑECIMIENTO
7 mandiles de honra	Salgueiral S.L.	S14/2	259,01 €	10/06/2014	16/06/2014
Cuñas radiofónicas Festa Filloa de Lestedo con Xenerais da Ulla (actuación durante a Festa da Filloa)	Cadena Cope	071 02 00007	605 €	31/03/2014	15/05/2014
Promoción prensa escrita Festa da Filloa	El Correo Gallego	P 401.820	272,25 €	31/03/2014	15/05/2014
Promoción prensa escrita Festa da Filloa	El Correo Gallego	P 401.819	90,75 €	31/03/2014	15/05/2014
Promoción prensa escrita Festa da Filloa	El Correo Gallego	P 401.239	605 €	10/03/2014	26/03/2014
Campaña promocional spot coa Festa da Filloa (campaña anual)	Santiago TV	P0000013	726 €	31/01/2014	26/03/2014
<b>TOTAL GASTO.....</b>			<b>2.558,01 €</b>		

3.- Aprobar a memoria descritiva das accións realizadas para as que foi concedida a axuda.

4.- Que posto que a festa xa se celebrou o 9 de marzo de 2014, a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Xunta de Galicia e Axencia de Turismo de Galicia na páxina web desta entidade.

5.- Comunicar este acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

## 10.Xustificación do “Acondicionamento do roteiro dos pescadores de Ledesma – Sucira – Donas”. Rede Natura

Con data do 31 de outubro de 2012 por Resolución de alcaldía solicitouse á Dirección Xeral de Conservación da Natureza unha axuda económica por importe de 20.000 € para *Acondicionamento do roteiro dos pescadores de Ledesma-Subcira-Donas* ó amparo da Orde do 28 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013, 2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (DOG. núm. 191 do 5 de outubro de 2012).

Con data do 04 de abril de 2013, o secretario xeral técnico por delegación do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras aproba unha subvención por importe de 13.860 € (IVE excluído) e establece as seguintes anualidades e prazos:

- anualidade do ano 2013: 6.930 €
- anualidade do ano 2014: 6.930 €

Con data do 27 de setembro de 2013 achegouse a documentación xustificativa da anualidade 2013 á Dirección Xeral de Conservación da Natureza e con data do 13 de decembro de 2013 foi ingresado a esta entidade, por orde do Fondo Galego de Garantía Agraria, na conta 2080 0320 20 3110000344 de Novagaliciabanco o importe de 5.197,50 euros, e o importe de 1.732,50 euros. O que suma a cantidade de 6.930 euros.

Para a anualidade 2014 o prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15 de setembro de 2014. Sendo a data límite de remisión da documentación xustificativa dos gastos executados ó Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial de A Coruña é o 30 de setembro de 2014.

En Xunta de Goberno de 7 de agosto de 2014 procedeuse a aprobar, imputar e aboar, a seguinte factura con cargo a citada subvención, tal e como segue:

Rexistro	Data Fact.	Núm. factura	Razón Social/CIF	Actividade	Concepto	Importe Total a aboar (con IVE)	Importe Imputado á subvención (Sen IVE)	Data da transferencia bancaria
14/1336	15/07/14	4073	<b>FPV/</b> CIF. xxxxx	Sinalización con paneis direcciniais da ruta dos pescadores	Suministro e colocación de sinais en madeira en flecha con poste de madeira	2.716,79€	2.245,28 €	25/08/2014

Con data do 25 de agosto procedeuse a realizar a transferencia bancaria por importe de 2.716,79 euros.

Dado que na anualidade 2014 desenvolveuse entre outras actuacións a de sinalización con paneis direcciniais e a de traballos de acondicionamento da citada ruta, entendéndose cumprido todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida.

A vista de todo o cal a Xunta de Goberno acorda:

1º Aprobar e imputar as salarios brutos máis a seguridade social da empresa dos traballadores seguintes, con cargo á citada subvención, tal e como segue:

Meses 2014	Apelidos e nome / DNI	Salario Bruto /mes	Seg.Social empresa/mes	Total gasto mensual	% Imputado	Total imputado
Xuño	Rodeiro Tato Elías DNI. xxxxx	1503,22 €	540,62 €	2043,84 €	39%	797,10 €
	Torres Gil Gonzalo DNI. xxxxx	1503,22 €	540,17 €	2043,39 €	39%	796,92 €
Xullo	Rodeiro Tato Elías DNI. xxxxx	1503,22 €	540,62 €	2043,84 €	39%	797,10 €
	Torres Gil Gonzalo DNI. xxxxx	1503,22 €	540,17 €	2043,39 €	39%	796,92 €
Agosto	Rodeiro Tato Elías DNI. xxxxx	1503,22 €	540,62 €	2043,84 €	39%	797,10 €
	Torres Gil Gonzalo DNI. xxxxx	1503,22 €	540,17 €	2043,39 €	39%	796,92 €
Custo total						4.782,06 €

2º Que para este mesmo obxecto, non se obtiveron outras subvencións de ningún tipo.

3º Que a axuda económica por importe de 6.930 € para *Acondicionamento do roteiro dos pescadores de Ledesma-Subcira-Donas* destinouse ós fins para os que se concedeu e conforme ó disposto na normativa aplicable, cumpríndose íntegramente a finalidade para a que se concedeu a subvención.

4º Aprobar a memoria xustificativa das actividades desenvoltas na anualidade 2014 e que son obxecto da axuda económica.

5º Que os gastos efectuados a tal fin con cargo a dita axuda económica son os que se citan a continuación:

Núm. factura	Data	Provedor	Importe sen IVE da factura	Importe sen IVE que se imputa ás acción subvencionadas	Data do pagamento
4073	15/07/14	<b>FPV/</b> CIF. xxxxx	2.245,28 €	2.245,28 €	25/08/2014
<b>Gasto persoal</b>					
Tipo de documento	Data	Nome traballador	Importe salario bruto+seguridade e social	Importe imputado a acción subvencionada	Data de pagamento
Nómina + seguros sociais	Xuño 2014	Rodeiro Tato Elías DNI. xxxxx	2043,84 €	797,10 €	Nómina:25/06/14 Seguros sociais: 31/07/14
		Torres Gil Gonzalo DNI. xxxxx	2043,39 €	796,92 €	
	Xullo 2014	Rodeiro Tato Elías DNI. xxxxx	2043,84 €	797,10 €	Nómina:25/07/14 Seguros sociais:29/08/14
		Torres Gil Gonzalo DNI. xxxxx	2043,39 €	796,92 €	
	Agosto 2014	Rodeiro Tato Elías DNI. xxxxx	2043,84 €	797,10 €	Nómina:25/08/14 Seguros sociais: devengado mes de agosto 2014
		Torres Gil Gonzalo DNI. xxxxx	2043,39 €	796,92 €	

6º Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

## 11.Solicitud axuda económica para actividades 2014-2015, Rede Natura 2000

Vista a Orde do 28 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede

Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2014 e 2015, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural (FEADER).

A Xunta de Goberno acorda:

1 Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de unha axuda económica de 18.965,70 euros, destinada a costear os gastos salariais de 3 traballadores (1 capataz de servizos e 2 operarios de servizos) para levar a cabo as actuacións encamiñadas á eliminación de especies invasoras existentes na ribeira do río Ulla.

2 Aprobar a memoria valorada denominada “Eliminación especies invasoras na rede natura”.

3 Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte ó importe do orzamento que non resulte subvencionado pola Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

4 Executalo pola Administración.

Acordado este punto, a Secretaria-Interventora INFORMA o seguinte:

*“A Orde do 28 de xullo reguladora das bases destas axudas, no seu artigo 8, só permite presentar as solicitudes por medios electrónicos para o cal en Boqueixón só existe un representante da entidade solicitante (concello) con sinatura dixital, que é o Alcalde.*

*Aínda que nesta data o Alcalde delegou na Concelleira dona Raquel García Fraga, a aplicación só permite remitir a documentación electronicamente, asinada polo único representante con sinatura dixital que é don Jesús Sanjuás Mera.*

*Por este motivo, toda a documentación relativa a este expediente remitirase asinada polo Alcalde, don Jesús Sanjuás Mera, aínda que na data de remisión (que remata o 8 de setembro de 2014) sexa Alcaldesa accidental dona Raquel García Fraga.*

*Desta incidencia darase conta vía correo ordinario, por escrito, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*

*Todo isto, realízase tal como vía telefónica se nos informou da Xunta de Galicia”.*

## **12.Aprobación conta de explotación dos servizos de abastecemento e saneamento correspondente o ano 2013**

Unha vez debatido este punto acórdase deixar sobre a mesa para o estudo máis detallado dos datos subministrados pola empresa.

## **13.Concesión de licenza administrativa de tenza de animais potencialmente perigosos**

O día 31 de xullo de 2014 co número de entrada 14/1426 dona Lucía xxxxx solicita licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos, en concreto para a tenza dun PIT BULL TERRIER, con data de nacemento 30/04/2012, femia, cor atigrada branca, co signo particular de ser bicolor en cara e pescozo zona esquerda, con código de identificación 981098102873459 e con destino de animal de compañía.



Dita solicitude preséntase acompañada de :

- Copia do certificado psicotécnico efectuado a dona Lucía xxxxx, de data 6 de xuño de 2014, que a capacita como apta para obter a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos.
- Información orixinal do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de dona Lucía xxxxx.
- Copia do seguro de responsabilidade civil, no cal se sinala igualmente cobertura para os cans propiedade de dona Lucía xxxxx.
- Copia da cartilla sanitaria do citado can.
- Certificado orixinal da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña, acreditando que dona Lucía xxxxx non foi sancionada de acordo co sinalado no artigo 13.3 da Lei 50/1999 de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos.
- Copia do DNI de dona Lucía xxxxx

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1. Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona Lucía xxxxx, como propietaria do animal que se identifica como especie e raza canina PIT BULL TERRIER, con data de nacemento 30/04/2012, femia, cor atigrada branca, co signo particular de ser bicolor en cara e pescozo zona esquerda, con código de identificación 981098102873459 e con destino de animal de compañía.

2. Aprobar a liquidación da taxa correspondente , por importe de **trinta euros**, que deberá ser ingresada nas arcas municipais ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do Concello de Boqueixón: conta núm. xxxxx Novagalicia Banco (Lestedo-Boqueixón)

3. De non efectuarse o ingreso correspondente, esta licenza non terá efectos.

4. A presente licenza ten unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada antes do transcurso do citado prazo.

#### **14. Aprobación das bases e prezos das actividades incluídas na Xanela de outono 2014**

Vista a “Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais”, aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) Aprobar as seguintes bases para as actividades previstas na programación de verán 2014:

- **Inscripcións:**

As inscricións realizaranse no departamento de cultura ata o **día 22 de setembro**, presentando, xunto coa ficha de inscrición, unha **certificación bancaria** co nº de conta.

Requírese un grupo mínimo para o inicio das actividades e unha permanencia de alomenos catro meses.

Prazas limitadas con preferencia dos empadroados en Boqueixón.

- **Duración:** outubro (primeira semana) a maio (última semana).

Os días lectivos coincidirán cos do calendario escolar.

- **Custos e descontos aplicables:**

Non empadroados: incremento dun 30% (agás alumnado do CPI de O Forte e unitarias de Camporrapado, Lestedo e Sergude).

Descontos: 2º fillo: 25% 3º fillo: 50% 4º fillo e sucesivos: de balde

Segunda actividade: 25% Terceira actividades: 50% Sucesivas: gratis

( Entenderase por 1ª actividade a de maior importe e así sucesivamente)

**Estes descontos non serán aplicables aos non empadroados no concello pero sí ao alumnado dos centros anteriores.**

En casos excepcionais, a petición da persoa interesada e con previo informe de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas.

- **Pagamento:** realizarase os primeiros sete días de cada mes mediante domiciliación bancaria (agás ximnasia de mantemento que será un só pago en efectivo) .

En caso de devolución do recibo os gastos bancarios correrán por conta do titular.

- **Baixas:** deberán presentarse por escrito no dpto. de cultura antes do inicio da seguinte mensuralidade.

Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

2º) Aprobar os seguintes prezos de escolas culturais e deportivas 2014/2015:

- Ociotecas: 5 €/mes
- Aula Municipal de Teatro Xuvenil: 5 € /mes
- Inglés (ata Secundaria): 20 €/mes
- Inglés adultos: 25 €/mes
- Patinaxe: 10€/mes
- Judo: 15 €/mes
- Aeróbic: 15 €/mes
- Zumba: 15 €/mes
- Ximnasia de mantemento : 25 €/tempada
- Pilates: 15 €/mes
- Bailoterapia: 15 €/mes

3º) Aprobar os seguintes prezos para actividades puntuais da programación de Outono 2014:

- Cursos de Informática : 10 €/mes
- Descenso de cañóns na Serra de Outes: 20 €
- Deseño web : 20€/mes

3º) Publicar estas bases e prezos na axenda cultural e deportiva Xanela de Outono nº 39.

## 15. Devolución pagamento actividades verán 2014

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 19 de xuño de 2014, aprobáronse as bases e prezos das actividades incluídas na Xanela de verán 2014.

Tendo en conta que os seguintes participantes das actividades de verán ingresaron un importe incorrecto:

Nome e apelidos	Empadroado	Actividade	Importe ingresado	Importe correcto
Daniel xxxxx	Si	Verán activo-agosto	40€	30€ (Desc2º fillo)

Tendo en conta ademais que os seguintes participantes das actividades de verán ingresaron e non asistiron á actividade por causa xustificada:

Nome e apelidos	Empadroado	Actividade	Importe ingresado	Causa non asistencia
Mª Jesús xxxxx	Si	Verán activo-2ª agosto	20€	Motivos familiares
Miguel Angel xxxxx	Si	Verán activo-2ª agosto	15	Motivos familiares
Carmen xxxxx	Si	Verán activo- 1ª semana setembro	10	Non se realizou a actividade
Sara xxxxx	Si	Verán activo- 1ª semana setembro	10	Non se realizou a actividade

A Xunta de Goberno acorda:

1. Devolver os importes que a continuación se especifican:

Nome e apelidos	Importe devolución
Daniel xxxxx	10€
Mª Jesús xxxxx	20€
Miguel xxxxx	15 €
Carmen xxxxx	10 €
Sara xxxxx	10 €

2. Dar traslado deste acordo á Tesourería-Intervención do concello para proceder á devolución dos importes citados no punto anterior.

## 16.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidenta accidental remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria .

A Secretaria – Interventora

Visto e prace  
A Alcaldesa accidental